

CULTURA.26.



Alberte Pagán 'Xogo cos límites do cine'

M.B.

O pasado 24 de xuño o Cineclub de Compostela estrou no Centro Social O Pichel o documental experimental do realizador Alberte Pagán *Tanyaradzwa*, de seis horas de duración. Pasarase tamén o 17 de xullo no CGAI, pero no terá distribución comercial.

Como xurdiu o proxecto?

Casualmente durante unha viaxe a Zimbabue tras coñecer a Tanyaradzwa, que é a persoa retratada na película e a que lle dá título, polo interese de filmar a súa vida. Medio ano despois regresei a Zimbabue cunha cámara e estivemos rodando durante tres semanas. Os dous anos seguintes a película estivo repousando e finalmente fixen unha montaxe de seis horas que foi dividida e proxectada en dúas pantallas simultaneamente.

Continúa o proceso de investigación ao redor da narración iniciado nas anteriores obras?

Non é exactamente unha continuación porque cada obra ten a súa propia estética. Pero é certo que xogo novamente cos límites da narración. A maior parte da metraxa está composta por planos baleiros nos que apenas sucede nada. Prodúcese unha sorte de confrontación entre a narración, representada na voz da muller, e os planos que contextualizan a súa vida. Aínda que está rodada en África non se trata dunha película etnográfica.

Cada vez é máis frecuente en Galiza topar realizadores que rarchan cos parámetros clásicos do cine. A que pensa que se debe?

O maior acceso ao cine alternativo provoca que os directores estean máis familiarizados con outras maneiras de facer cine. Por outro lado, os medios de produción son máis asequíbeis e a xente ten máis liberdade á hora de facer, sen ter que estar pendente da industria. ●